



DEPARTAMENTO DE INGLÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURSO 2022-2023

C.P.I. CRUZ DO SAR

CURSO: 1º ESO

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (*Listening+Reading*): 40%

2. PRODUCCIÓN ESCRITA (*Writing+Grammar/Vocabulary*): 40%

3. PRODUCCIÓN ORAL / INTERACCIÓN / MEDIACIÓN / PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE/INTERCULTURALIDADE: 20%

Este último punto inclúe a participación en clase (traballo en grupo e en parellas, traer o material necesario, as tarefas feitas, corrixir cando corresponda, respectar a quenda de palabra...), esforzo persoal por expresarse e facerse entender na lingua estranxeira, na clase, falando cos compañeiros e o profesor e o traballo persoal e diario mediante os cadernos de observación xunto cos traballos orais/escritos que realizarán cada trimestre como descricións, cartas, narracións, diálogos, dramatizacións, cancións.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente nunha proba final escrita en xuño con tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

CURSO: 2º ESO

A **avaliación é continua e acumulativa polo que, se se aproba a última avaliación, se terá o curso aprobado.** Non haberá probas de recuperación.

Establécense como mínimo tres exames correspondentes ás tres avaliacións, que incluírán exercicios de "reading", "writing", "listening", gramática e vocabulario. A destreza de "speaking" será valorada por observación directa no aula e, excepcionalmente, o alumnado poderá presentarse a un exame final de "speaking", en caso de perda de dereito á avaliación continúa ou larga enfermidade que impidira a asistencia regular a clase.

Non se permitirá ningún tipo de comportamento deshonesto (por exemplo copiar dun compañeiro ou por outros medios) tanto na realización de traballos como na realización das distintas probas de avaliación. Si houbera constancia deste tipo de conduta, o alumno será avaliado cun "1" nesa proba obxectiva.

Os criterios de cualificación que se van a aplicar dependerán de:

- 1-A participación en clase (traballo en grupo e en parellas, traer o material necesario, as tarefas feitas, corrixir cando corresponda, respectar a quenda de palabra...), esforzo persoal por expresarse e facerse entender na lingua estranxeira, na clase, falando cos compañeiros e o profesor e o traballo persoal e diario mediante os cadernos de observación xunto cos traballos escritos que realizarán cada trimestre, como descrições, cartas, narracións, diálogos, dramatizacións, cancións: **20%** da cualificación total.

- 2-Os exames (ou probas diversas de avaliación) computarán o **80%** da cualificación total, distribuíndose esta porcentaxe a partes iguais entre as partes adicadas a vocabulario e gramática, listening, reading e writing.

- 2.1. Para os alumnos que necesiten **Adaptacións Non Significativas** (obxectivos mínimos) a nota final de cada avaliación será desglosada da seguinte maneira: **60% o exame, 40% traballo diario e de reforzo.**

- 2.2. No caso dos alumnos con **Adaptacións Significativas**, valorarase

principalmente **o traballo na clase e a realización das tarefas de apoio**, computando un **60%** e un **40% o exame**.

3- Ao final de cada trimestre daráselle a cada alumno unha cualificación global variando desde 0 até 10 onde se medirán os procedementos e actitudes desenvolvidos por cada estudante, ***sendo necesario acadar como mínimo un "5"*** para ser considerada aprobada. No caso de decimais a nota redondearase cando sexa ***igual ou maior de "0,75"***.

Ao tratarse dunha avaliación sumativa, na avaliación final, terase en conta o traballo de todo o curso e o resultado das tres avaliacións anteriores, sendo a nota final a media ponderada das tres avaliacións tendo a última un peso mínimo do 60% do total.

Alumnado con Inglés pendente.

Trimestralmente farase entrega a cada alumno dun caderno de actividades do material curricular do curso anterior, que deberá entregar cumprimentado ao seu profesor/a correspondente antes do exames de avaliación. Este corruxará, avaliará e orientará ao alumno no seu traballo.

Estas actividades están pensadas para repasar os contidos básicos de gramática e vocabulario. Enténdese que os contidos referidos as destrezas de escoitar, falar, ler comprensivamente e escribir se traballan e repasan nas clases do curso presente.

Recuperación automática: Consideraremos superado un nivel anterior non satisfactorio cando superen positivamente calquera das tres avaliacións do curso no que están escolarizados actualmente, sempre que se observe unha actitude minimamente positiva.

Farase unha proba oficial en maio para aqueles alumnos que non lograran recuperar automaticamente.

CURSO: 3º ESO

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (*Listening+Reading*): 40%

2. PRODUCCIÓN ESCRITA (*Writing+Grammar/Vocabulary*): 40%

3. PRODUCCIÓN ORAL / INTERACCIÓN / MEDIACIÓN / PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE/INTERCULTURALIDADE: 20%

Este punto inclúe a participación en clase (traballo en grupo e en parellas, traer o material necesario, as tarefas feitas, corrixir cando corresponda, respectar o turno de palabra...), esforzo persoal por expresarse e facerse entender na lingua estranxeira, na clase, falando cos compañeiros e o profesor e o traballo persoal e diario mediante os cadernos de observación xunto cos traballos orais/escritos que realizarán cada trimestre como descriucións, cartas, narracións, diálogos, dramatizacións, cancións.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Tódalas cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

Finalmente, unha cualificación positiva en calquera das avaliacións do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente nunha proba escrita en xuño que incluírá tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

CURSO: 4º ESO

A **avaliación é continua e acumulativa polo que, se se aproba a última avaliación, se terá o curso aprobado.** Non haberá probas de recuperación.

Establécense como mínimo tres exames correspondentes ás tres avaliacións, que incluírán exercicios de "reading", "writing", "listening", gramática e vocabulario. A destreza de "speaking" será valorada por observación directa no aula e, excepcionalmente, o alumnado poderá presentarse a un exame final de "speaking", en caso de perda de dereito á avaliación continúa ou larga enfermidade que impidira a asistencia regular a clase.

Non se permitirá ningún tipo de comportamento deshonesto (por exemplo copiar dun compañeiro ou por outros medios) tanto na realización de traballos como na realización das distintas probas de avaliación. Si houbera constancia deste tipo de conduta, o alumno será avaliado cun "1" nesa proba obxectiva.

Os criterios de cualificación que se van a aplicar dependerán de:

1-A participación en clase (traballo en grupo e en parellas, traer o material necesario, as tarefas feitas, corrixir cando corresponda, respectar a quenda de palabra...), esforzo persoal por expresarse e facerse entender na lingua estranxeira, na clase, falando cos compañeiros e o profesor e o traballo persoal e diario mediante os cadernos de observación xunto cos traballos escritos que realizarán cada trimestre, como descricións, cartas, narracións, diálogos, dramatizacións, cancións: **20%** da cualificación total.

2-Os exames (ou probas diversas de avaliación) computarán o **80%** da cualificación total, distribuíndose esta porcentaxe a partes iguais entre as partes adicadas a vocabulario e gramática, listening, reading e writing.

2.1. Para os alumnos que necesiten **Adaptacións Non Significativas** (obxectivos mínimos) a nota final de cada avaliación desglosarase da seguinte maneira: **60% o exame, 40% traballo diario e de reforzo.**

2.2. No caso dos alumnos con Adaptacións Significativas, valorarase

principalmente o traballo na clase e a realización das tarefas de apoio, computando un 60% e un 40% o exame.